



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CUALEDRO PARA A CREACIÓN DUNHA AULA ARQUEOLÓXICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Cualedro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Cualedro para o proxecto de creación dunha aula arqueolóxica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.



Xacobeo 2021





Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- Nas últimas décadas o concello de Cualedro impulsou proxectos de investigación, restauración, sinalización e posta en valor unha parte importante dos devanditos bens, en particular do Castro da Cidá da Saceda (declarado ben de interese cultural no ano 2011), o asentamento romano de Santa Marta, o Castro de San Millao, a Mámoa do Madorriño, os sartegos rupestres d'A Moimenta e os Petróglifos da Cheira e a serra do Larouco.

O proxecto que se pretende levar a cabo implica a creación dunha aula arqueolóxica que se emprazará nunha edificación existente situada no Toural da Feira no núcleo de Cualedro. Neste espazo emprazarase unha exposición permanente na que se exhibirán pezas orixinais e reproducións de pezas atopadas nos distintos xacementos do concello.

A edificación que abeirá a aula arqueolóxica emprázase na Praza de Portugal. A montaxe expositiva proporá unha panorámica dos distintos modelos de xacementos: asentamentos para a vida, lugares para a morte, todos eles unidos por un espazo central ocupado por obxectos senlleiros e representativos (aras, muíños de man, reproducións de pezas depositadas no Museo Arqueolóxico de Ourense...)

Preténdese crear unha aula na que a exposición ocupará os andares terreo (parcialmente) e segundo do edificio nos que se instalarán paneis interpretativos, mesas expositivas e estantes para a biblioteca, montaranse vitrinas para exposición de pezas, realizaranse reproducións da phalera de San Millao e das falcatas e tenaces da saceda.

Neste enclave, as actuacións obxecto do presente convenio completarán un entorno único, facilitando incrementando o coñecemento no patrimonio arqueolóxico de adultos e de nenos, e poñendo en valor turístico o concello coa creación desta aula.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Cualedro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos



Xacobeo 2021

